

FONDO SOLIDARIO DE LIBROS DE TEXTO E AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR

Curso 2025/2026

Prazo de solicitude: **do 16/5/2025 a 20/6/2025, incluídos**

Texto da convocatoria: [ORDE do 28 de abril de 2025 \(DOG do 15 de maio\)](#)

Procedemento administrativo: ED330B

O modelo mixto de EDIXGAL non se xestiona na aplicación de fondolibros. Este sistema tramitarase pola Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa.

♦ Forma de presentación de solicitudes:

- Electrónica:** utilice esta aplicación e presente solicitude na Sede Electrónica [\[iniciar\]](#).

IMPORTANTE: na presentación electrónica deberá presentar unha solicitude individual para cada un dos seus fillos.

NECESITARÁ ter: A) conta de [Chave365](#), ou B) ter instalado certificado dixital ([guía](#)) ou DNI electrónico e máis a aplicación [Autofirma](#)

- Presencial con asistencia da aplicación** : cubra os datos nesta aplicación, imprima os Anexos I e II producidos e presénteos no centro educativo [\[iniciar\]](#).

- Presencial manual:** cubra os [Anexos I e II](#) da Orde da convocatoria e presénteos no centro educativo.

O alumnado que non estea admitido nin coñeza en que centro vai estar escolarizado no curso escolar 2025-2026, deberá presentar a solicitude no centro no que está matriculado no curso 2024-2025.

As solicitudes por incorporación ao centro educativo fóra do prazo establecido poderán presentarse unicamente de xeito presencial no propio centro, ata o 31/3/2026.

♦ Documentación complementaria:

- Especificase no artigo 11 da [Orde de convocatoria](#)

- NON será necesario xuntar coa solicitude os DNIs, NIEs, acreditacións de discapacidade expedidas pola Xunta, acreditacións de pensión por incapacidade, ou declaracións de IRPF, sempre que NON sinala oposición á comprobación telemática pola administración (para a declaración de IRPF requírese autorización expresa) [artigo 12 da [Orde de convocatoria](#)]

- A administración poderá reclamar a presentación de documentación cando non sexa posible a verificación por vía telemática

♦ Máis información:

- ["Preguntas frecuentes"](#)
- Información na [Sede electrónica da Xunta de Galicia](#)
- [Manual de usuario para solicitantes](#)
- Enlace ao portal educativo: páxina con [listado de librarías e outros establecementos](#) participantes en Axudas Libros (utilización dos vales de libros e material).

♦ Prazos establecidos na convocatoria:

	CENTROS	CIDADÁNS	LIBRARÍAS
Alta de centros privados concertados como entidade colaboradora. Envío do anexo V (por Sede Electrónica) Procedemento ED330G	Ata o 20.06.2025	-	-
Presentación de solicitudes do alumnado de EP, ESO e EE no centro escolar ou mediante a sede electrónica Procedemento ED330B	-	Ata o 20.06.2025	-
Presentación de solicitudes do alumnado que repita 4º ESO ou que non obteña praza en FP Básica e que non solicitara no prazo anterior	-	Un mes desde a matrícula	-
Presentación de solicitudes do alumnado trasladado desde centros de fóra de Galicia ou privados non concertados (Só presencial)	-	Un mes desde a matrícula Ata o 31.03.2026	-
Devolución dos libros do curso 2024/2025	-	Ata o 20.06.2025	-
Gravación dos libros devoltos	Ata o 04.07.2025	-	-
Fondo solidario de libros de texto			
Gravación de solicitudes e emendas (*)	Ata o 09.07.2025	-	-
Publicación de listaxes provisionais (**)	Ata o 14.07.2025	-	-
Reclamación ás listaxes provisionais	-	2 días seguintes á publicación	-
Gravación do resultado das reclamacións	Ata o 21.07.2025	-	-
Publicación das listaxes definitivas	Ata o 28.07.2025	-	-
PR004A_Xustificación da adquisición de libros complementarios	Ata o 31.10.2025	-	-
PR004A_Xustificación complementaria de novas incorporacións	Ata o 22.04.2026	-	-
Entrega dos libros ao alumnado	O día da publicación da listaxe definitiva ou o seguinte. Poderá pospoñerse ata o inicio do curso	-	-
Axudas para libros de texto e axudas para material escolar			
Emenda de erros detectados nos vales		10 días desde que recibe o vale	-
Uso dos vales nas librarías e demais establecementos		Ata o 10.04.2026	-
Presentación de talóns de cargo (1º prazo)		-	Ata o 12.12.2025
Presentación de talóns de cargo (2º prazo)			Do 01.01.2026 ata o 22.04.2026

(*) As datas indicadas son as establecidas para realizar os actos de xestión cando o centro non fixara os seus propios prazos. Se o centro establecera outros prazos debe publicalos no taboleiro e realizar os trámites necesarios para que quede garantido que os representantes legais do alumnado os coñecen con antelación.

(**) Resulta imprescindible que as existencias resultado da devolución dos libros estean correctamente mecanizadas e actualizadas polo centro en Fondolibros.

